

**ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS (PONTEVEDRA), Nº
9/2017 DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO, CELEBRADA O 6 DE NOVEMBRO DE 2017.**

Salceda de Caselas, 6 de NOVEMBRO de 2017

ASISTENTES

Presidente

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS)

Concelleiros/as

Grupo municipal do Partido Popular

GONZÁLEZ SOUTO, Primitivo (PP)

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP)

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP)

VALCÁRCEL BERNÁRDEZ, Ángela (PP)

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, Mirian (PP)

Grupo municipal de Movemento Salceda

PÉREZ PÉREZ, Carla María (MS)

CASTIÑEIRA ALÉN, María Dolores (MS)

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS)

GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Miguel (MS)

Grupo municipal do PSdeG-PSOE

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE)

LEDO SOUTO, Ángela (PsdeG-PSOE)

Secretaria do Concello

Noemi Sirera Diéguez

HORA DE INICIO: 12,08 horas.

HORA DE REMATE: 13,14 horas.

Na Sala de sesións do Concello, sendo as 12,08 horas tras convocatoria automática efectuada conforme o disposto polo artigo 46.2 citado da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local dado que o pleno extraordinario non se convocou expresamente no prazo de quince días hábiles desde que foi solicitado, reúnense en sesión extraordinaria, e en primeira convocatoria, os/as señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, baixo a presidencia do Señor Alcalde, Marcos David Besada Pérez, quen procede a abrir o acto, unha vez comprobada pola Secretaria a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

- 1. Creación dunha Comisión Informativa Especial sobre os cartos das entradas cobradas por actuacións no auditorio municipal que non foron ingresados nas contas do Concello.**
- 2. Modificación da Ordenanza Fiscal nº21 reguladora do Imposto de Bens Inmóveis (IBI).**

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Benvidos a todos e a todas unha vez máis a esta vosa casa. Antes de nada, escusar a súa presenza a Concelleira e compañeira María Teresa González que presentou escrito por rexistro no que di:

“M^a Teresa Pérez González, Concelleira de Benestar Social e Igualdade, Cultura, Festexos, Ensino e Normalización Lingüística no Concello de Salceda de Caselas, ante a convocatoria de Pleno Extraordinario fixada pola Secretaría Municipal para o vindeiro luns 6 de novembro ás 12:00 horas, comunico a miña imposibilidade de asistir a dito Pleno por atoparme nunha viaxe de traballo en Bruxelas para participar na presentación ante o Parlamento Europeo da campaña "En negro contra as violencias machistas" da que forma parte este Concello.

Agardando que a miña ausencia quede deste xeito xustificada.”

Mañá preséntase ese proxecto, van unha viaxe ao Parlamento europeo, acompañando aos máis de 70 concellos galegos e polo tanto hoxe non pode estar aquí. O resto si que estamos. Pleno extraordinario convocado pola Secretaría municipal con dous puntos na orde do día en base a petición, cumprindo a norma o ser máis da cuarta parte do número de membros legais da corporación por parte dos concelleiros, compañeiros do grupo municipal popular, D. Santiago Rodríguez Davila, D. Joaquín Núñez Troncoso, Dna. Mirian González Rodríguez, D. Primitivo González Souto e Dna. Ángela Valcárcel Bernárdez, con dous temas no orde do día.

Antes de nada e debido a baixa da Interventora que foi o 19 de setembro de 2017, a incorporación acumulada de Beatriz o 2 de outubro, que por desgraza para o Concello e para o

gobierno de Salceda pola situación na que queda o Concello, a nova Interventora ven unha vez a semana e polo tanto isto ten provocado unha ralentización e un colapso na parte que lle toca e tamén coincidiu a presentación por parte dos compañeiros desta solicitude, coas vacacións da Secretaría que foron dende o 25 de setembro ao 8 de outubro, de ahí a imposibilidade de tal como marca a lei, convocar o décimo día as 12 horas en base a ese dereito que teñen os compañeiros.

Todas estas incidencias dos técnicos habilitados nacionais, de Secretaría e Intervención, teñen provocado xunto con ter que atender de maneira urxente multitude de mesas de contratación, tribunais de selección, tamén que estaban supeditados a prazos e para non perder as subvencións imposibilitou convocalo no mes de outubro como a min e a todos nos gustaría, e poder facer as cousas con un pouco máis de rigor.

Pasamos ao que é a orde do día,

1. Creación dunha Comisión Informativa Especial sobre os cartos das entradas cobradas por actuacións no auditorio municipal que non foron ingresados nas contas do Concello.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): Bos días, o Alcalde unha vez máis, porque se fora a única poderíamolo entender, hai momentos en calquera circunstancia da vida, situación empresarial, colectivos, que estean de baixa laboral ou de outra índole pero o Alcalde leva dez anos intentando xustificar que por culpa de terceiras persoas non se fan as cousas a tempo. Xa digo Alcalde que cando é unha vez vale, cando son dous tamén pero cando é reiterativo e sempre se escusa no mesmo e é como o conto de carapuchiña, ven ven e ao final ninguén llo acaba crendo. Iso non significa que non sexa certo ou menos certo a situación destas semanas. Sendo coherente e sensato, para que quede constancia na acta pública dun concello, para nun futuro, iso non significa que reiteradamente, como digo, durante dez anos vostede siga argumentando os mesmos motivos.

Dito isto e centrándonos no que hoxe nos trae aquí, como ben dixo o Alcalde, nos solicitamos, porque temos o quórum necesario, os Plenos extraordinarios, esa petición fixémosla o 29 de setembro e tiña 15 días para convocalo, o Alcalde non o fixo e teno que convocar a Secretaría dez días despois que é hoxe as 12 da mañá.

Un Pleno ao que nos non queríamos chegar ata aquí, pero como dixemos no Pleno do mes de xuño, non ía quedar nun simple Pleno, así está recollido en acta, se as explicacións e os argumentos e sobre todo os documentos oficiais non foran claros e demostrasen onde estaban os cartos da venda destas entradas. Así sucedeu na comparecencia no Pleno do Alcalde e da Concelleira de Cultura, e nos seguintes plenos onde seguimos insistindo no mesmo e as

explicacións foron as que foron. Unha vez máis, na liña da vía política, intentamos que se nos explique e esclarecer esta situación pero para que non se nos diga, que o van dicir, que non xudicializamos a vida da política, pois pedimos un Pleno extraordinario para darlle ao goberno a oportunidade de que expliquen onde foron parar os cartos desas entradas.

Xunto con esa petición de Pleno extraordinario, nos pedimos dous informes, un a Interventora municipal para que nos informase de diferentes cuestións que vou mencionar agora e tamén solicitamos que se fixera por parte da tesouraría municipal un informe onde lle pedíamos que se nos dixese se a tesouraría municipal lle constaba o ingreso deses cartos.

Dicir que a lei, cando tes un número de concelleiros che permite solicitar este tipo de informes, no caso da Interventora municipal, ten que levar a cabo ese informe, que o temos, en cambio en tesouraría se o Alcalde non invoca a tesouraría municipal a que faga ese informe, a tesouraría municipal non pode realizar o informe. Como o Alcalde non tivo a ben de trasladar a petición de realización dese informe, non temos o informe do Tesoureiro municipal que nos diga se eses cartos entraron nas contas do Concello.

Si temos o informe da Interventora, onde di que nos solicitamos ese informe, menciona a lexislación aplicable para realizar ese informe, hai uns fundamentos de dereito onde se ampara para facer ese informe e ao que nós nos ampara para pedir ese informe.

Na parte de resolución no segundo punto di que a petición versa sobre catro cuestións. A a) é unha pregunta que nos lle formulamos onde di: ¿Existe o ingreso correspondente ao importe obtido da recadación das entradas por tres actuacións no Auditorio Municipal (*O Show de ISI, Batemento, Vaamonde Lamas&Romero*)?

A señora Interventora contesta: “Revisada a contabilidade correspondente ao exercicio 2016, non consta na aplicación orzamentaria 34902 dereito recoñecido e/ou ingreso correspondente as actuacións mencionadas.”

É dicir, a Interventora di que non consta na partida orzamentaria ningún ingreso correspondente a esas actuacións, polo tanto temos un documento dunha funcionaria pública no que di que non se ingresaron eses cartos.

A seguinte pregunta di: ¿O procedemento a nivel normativo-fiscal aplicado nestes casos é o correcto? De non ser correcto, ¿cal sería o procedemento a seguir neste tipo de actuacións organizadas polo Concello?

Aquí a señora Interventora di: “Esta Intervención non se pronuncia sobre procedementos a nivel normativo-fiscal manifestados en comparecencias verbais polos concelleiros en pleno, informando, a tal respecto, que o ÚNICO procedemento legal previsto para a xestión e

recadación das actuacións organizadas polo Concello no auditorio sería o previsto na Ordenanza reguladora do prezo público en cuestión.

No Concello de Salceda de Caselas non existe Ordenanza reguladora a este respecto, polo que non existe prezo público a liquidar polo feito impositivo de actuacións realizadas no auditorio municipal. En todo caso, as normais xerais de xestión dos ingresos están previstas nas Bases de Execución do Orzamento (nº 49 en diante)."

Nós cremos que si que existe unha ordenanza municipal que regular os usos do auditorio así como o seu prezo público, tanto para o aluguer do auditorio como tamén en función do custe que ten que pagar o concello polas actuacións, o custe que habería que repercutir aos veciños para entrar a ver eses espectáculos, o custe das entradas.

Teñen que aparecer nas contas do concello todos os ingresos de diferente índole por calquera concepto, incluída a venda de entradas para ver actos no auditorio.

Na nosa petición de informe tamén lle plantexabamos outra cuestión,: ¿Ten constancia a Intervención Municipal de que a recadación obtida nas actuacións se entregou ás empresas xestoras das mesmas, como asegura a Concelleira de Cultura na acta que se adxunta?

Aquí, nos o que fixemos foi axuntarlle a acta do pleno onde a señora concelleira de cultura manifesta que foron as empresas as que cobraron as entradas aos veciños, cando todo o mundo sabemos de forma fiable que as entradas vendéronse única e exclusivamente na casa da cultura e por parte de traballadores da casa da cultura e que os veciños mercaron alí as entradas. É mentira o que a señora Concelleira, así como o goberno municipal segue mantendo que foron unhas empresas privadas as que xestionaron esa situación. A esta cuestión a Intervención municipal di: "A Intervención municipal unicamente ten constancia do que queda rexistrado no Rexistro Xeral de Entrada e no Rexistro Xeral de Saída do Concello, anotacións rexistradas realizadas por funcionarios municipais e/ou que obra documentalmente nos expedientes administrativos municipais e nos expedientes electrónicos municipais."

Efectivamente, o que lle consta a intervención municipal é o que documentalmente se rexistra, o que se cobra, o que se ingresa, o que se paga, etc. Entón o de palabra, como se manifestou aquí no Pleno que o teñen as empresas, dise de palabra pero hai que argumentalo con documentación que existe no expediente, que existe nas contas do concello, a que existe na conta xeral do ano 2016 son a entrada de tres facturas e o pago de tres facturas a través de

transferencia das contas do Concello as contas desas tres empresas que realizaron esas actuacións.

Por último engade a Interventora no informe, “Engadir que en canto a fiscalización de ingresos, en virtude do establecido no artigo 219.4 do TRLRFL e na Base nº 62 do Orzamento, a fiscalización previa de dereitos substituirase pola inherente á toma de razón en contabilidade e faranse as actuacións comprobatorias posteriores mediante técnicas de mostraxe ou auditoría.”

É dicir, unha vez máis ven a dicir que o que vale e o que pode xustificar en dereito é amparándose en documentos tanto sexan dixitais como en papel.

Polo tanto, o que se di neste breve informe, que como todo na vida pode ser mellorable, ven dicindo que os cartos non están nas contas do concello, que non consta que se ingresaran na partida correspondente e polo tanto, non pode dicir que eses cartos foron ingresados porque non o están. Polo tanto, nos insistimos unha vez máis, señores do goberno, que este grupo segue dicindo e afirmando o que levamos dito dende o inicio. Que nas contas do ano 2016 non se fixeron os ingresos deses cartos por esas tres actuacións, polo tanto os cartos nalgún lado teñen que estar.

E como dixemos e reitero no Pleno de xuño nos manifestamos que iamos chegar ata o final, dixémolo dende un principio e ímolo manter. Creo que non poden dicir vostedes que nós non estamos actuando con mesura, responsabilidade e con proporcionalidade e na acta de ese pleno de 30 de xuño de 2017, na miña intervención dixen claro nese momento que si vostedes fosen oposición e nos goberno e vostedes na súa labor de fiscalización atopasen o que nos atopamos fai uns meses, estarían actuando de outra maneira con respecto ao que nos estamos facendo actualmente.

Nós esgotamos as vías que a lei nos permite, a vía política ata esgotar todas as posibilidades, incluso chegando a solicitar un Pleno extraordinario, polo tanto Alcalde vostedes mesmo terán que retratarse e decidir, ben amparándose en documentos que polo visto non hai, ou ben dicindo como foi ese procedemento, quen foi o que recadou e a quen lle entregou eses cartos que os traballadores do concello lle trasladaron a esa persoa.

Por iso nos pedimos este pleno, por iso solicitamos a creación da comisión informativa especial sobre os cartos das entradas amparándonos no regulamento de organización, no artigo 124.3 do funcionamento do réxime xurídico das entidades locais e no artigo 20 da lei reguladora de Bases de Réxime Local da creación da comisión, que é claramente competencia plenaria, polo tanto ten este Pleno competencia para a creación desta comisión.

O que pretendemos con esta comisión e darlle unha vez máis, e reitero, é darlle unha oportunidade ao goberno que aporte a documentación que teña no seu poder para amparar a súa versión de que fixeron as cousas correctas. Si vostedes son capaces de aportar esa documentación, todos contentos e por dicilo de algunha maneira, a casa. Pero imos a ver se o Alcalde ten a ben que se vote no Pleno a creación de esta comisión, imos a ver si se aproba esa comisión e o Alcalde a convoca e imos ver se o Alcalde a convoca e aporta documentos que nos poidan esclarecer a todos, sobre todo aos veciños que pagaron cos seus cartos as entradas para ver esas actuacións e si somos capaces de saber onde foron parar eses cartos, pois por dicilo de algunha maneira, todos contentos, se non son capaces con documentos, informes, facturas, transferencias, xustificar onde están os cartos, seguiremos indagando, seguiremos tomando iniciativas e seguiremos pedindo para que os veciños saiban onde foron parar os cartos para ver esas actuacións.

Pola miña parte, nada máis que dicir, sería insistir no mesmo, creo que os veciños que aquí están neste Pleno e os veciños que se lle foi dando información ao longo deste tempo, saben do que estamos a falar e o que sucedeu. Na man do goberno esta dar resposta aos veciños que queren saber onde foron parar os seus cartos por ver unhas actuacións nun edificio municipal que está regulado a súa autorización e o seu aluguer por parte de colectivos e empresas, cousa que non sucedeu con estas tres actuacións. Nada máis de momento.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Ten a palabra o Grupo socialista.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Bos días a todos e a todas. Eu para comezar, no que dixó o Alcalde escudándose na baixa da interventora e os problemas dos técnicos e demais, repito o que levamos dito ultimamente, a falta de rigor é continua, non é dun mes, nin que a nova Interventora ven un día por semana. Hai que deixar claro que os técnicos sexan habilitados ou non, traballan coas prioridades que se lle dan por parte do Alcalde, non deciden eles a orde, moitas veces se lle pasa unha orde aos técnicos para que o sigan e se lle mudan as prioridades. O equipo de goberno lle dan ordes para priorizar.

No tema das entradas e un pouco redundante seguir no mesmo, nos xa o dixemos no outro pleno, todo o que sexa darlle transparencia e rigor as actuacións do goberno son boas. O propio informe de intervención di claramente que nalgúns dos seus puntos non existe ningún ingreso recoñecido do que se menciona, a interventora non se pronuncia noutras preguntas que se lle

fan na petición do informe polos compañeiros do PP pero si que tamén volve dicir que non ten constancia do diñeiro do que se fala.

Visto que o informe volve deixar dúbidas enriba da mesa, nós todo o que sexa apoiar a transparencia ímolo facer.

Insisto no mesmo, eu non sei onde están os cartos, nin vou xulgar a ninguén antes de tempo, pero o procedemento que se seguiu non é o idóneo e non é o correcto, cando o informe de intervención deixa un montón de lagunas e ademais dun montón de afirmacións nas que di que non hai constancia de ingreso algún.

Volvo a repetir o que dixen no outro pleno, cando menos o procedemento foi unha chapuza, non sei se é correcto ou non pero non é tratado con rigor, como así o deixa ver a interventora.

Non imos entrar en máis debate, como dicía o compañeiro do PP, xa se tratou no Pleno de xuño, xa se falou en varias ocasións despois e cremos que ademais se o goberno quere seguir nesa defensa que as cousas se fixeron ben, debe apoiar xusto iso, que se fixeron as cousas ben e que todos teñamos a documentación que o corrobore. Iso sería dar un paso máis adiante para que todos teñamos a información e poder defender este tema con papeis diante e non son no pleno senón ante os veciños.

Xa adianto agora que o grupo municipal socialista vai apoiar a creación desta comisión informativa porque estaremos sempre de acordo que os temas se traten con máximo rigor e os veciños o merecen.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Con respecto a esta cuestión o goberno municipal aceptou a comparecencia e deu as explicacións oportunas a ese tema. Todo o que se acaba de comentar aquí, peticións de informes, e un conxunto de obviedades que non vou entrar a valorar aquí. A cuestión deste Pleno é si se convoca esta comisión ou non, esta claro que as posicións de partida están trazadas e polo tanto iso non creo que vaia a modificar a opinión de cada quen. A partir de ahí, a nosa responsabilidade e tomar decisións e a oposición facer o que considere.

Respecto da comisión, e que conste en acta, vou explicar o que consiste esta comisión si se aproba neste pleno, que virtudes ten e sobre todo, que límites, que é o máis importante de todo.

O Grupo Municipal do PP, ao abeiro do disposto no art. 46.2.a da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local propón a celebración dun Pleno Extraordinario que teña por obxecto, entre outras cuestión, a creación dunha comisión informativa especial sobre os cartos das entradas

cobradas por actuacións no auditorio municipal que non foron ingresados nas contas do Concello.

As comisión informativas, conforme ao previsto no 20.1.c da Lei 7/85 das Bases de Réxime Local e art. 123.1 ROF "son órganos sen atribucións resolutorias que teñen por función o estudo, informe ou consulta dos asuntos que haxan de seren sometidos á decisión do Pleno.

Dentro delas, as comisión informativas especiais, segundo o art. 124.3 do ROF, son aquelas que o Pleno acorde constituír para un asunto concreto, en consideración ás súas características especiais de calquera tipo.

Estas comisións teñen, por tanto, como única finalidade a de ditaminar sobre asuntos que despois haxan de ser tratados no Pleno, e extínguense automaticamente unha vez que teñan ditaminado ou informado sobre o asunto que constitúe o seu obxecto.

Conforme ao previsto no art. 125.1 do ROF, a presidencia da comisión, como de todas as comisión informativas, correspóndelle sempre e en todo caso ao Alcalde quen, non obstante, pode delegala en calquera membro da Corporación. Non cabe que o Pleno acorde que a presidencia da Comisión poda recaer en outra persoa, tal como sinala o Tribunal Supremo na súa Sentenza de 24 de setembro de 2007.

Polo tanto, no caso de que o Pleno acorde a creación da Comisión, é ao Alcalde ao que lle corresponde a convocatoria da súa sesión constitutiva, como claramente resulta do artigo 134 do ROF.

O funcionamento da Comisión será o regulado nos artigos 134 a 138 do ROF.

Especial mención compre facer sobre o obxecto posible da comisión informativa especial cuxa creación se propón, como antes se indicou, o obxecto das comisións informativas está limitado a formular un ditame, informe ou recomendación para o tratamento do asunto no Pleno.

Agora ben, o Pleno só ten as competencias que lle marca o artigo 22 da Lei de Bases de Réxime Local, e normativa concordante, dentro das materias de competencia municipal relacionadas no artigo 25 da mesma Lei, e dentro delas non se atopa a de axuizar feitos acontecidos nin depurar responsabilidades, que parece ser a finalidade que orienta a proposta de creación da comisión, que se limita aos cartos cobrados por unhas actuacións que non tiveron entrada no Concello, en relación con tres eventos concretos.

Acaba de quedar clara a posición dos portavoces da oposición, a finalidade é facer un xuízo que a nin a comisión nin o pleno son competentes para tal cuestión, xa que para iso está, a separación de poderes no estado español, aínda que por desgraza na actualidade se poña en

cuestión, e se depuran no terceiro chanzo que é o xudicial, que nin é o executivo nin é o legislativo como se pretende, xa o comentei noutra situación.

Obviamente, si o ditame ou informe que emita a Comisión debe estar relacionada co acordo que, no seu caso, se haxa de adoptar polo Pleno, non parece que o estudo do destino duns cartos poderá dar lugar á adopción de acordo ningún polo Pleno. Isto é tan obvio e evidente que ata se comenta no informe de intervención.

Por conseguinte, non se pode pretender que na Comisión se leven a cabo actuacións de investigación, nin moito menos de axuizamento de feitos acontecidos ou a depuración de responsabilidades, posto que o Pleno non pode adoptar acordo ningún ao respecto. A única finalidade posible da Comisión será rematar cun ditame no que se propoña ao Pleno a adopción de acordos en aspectos para os que dito órgano resulte competente, como por exemplo, a aprobación do futuro procedemento ao que haxa de axustarse a utilización do Auditorio Municipal e as fórmulas para xestionar a realización de eventos ou intervención dos artistas, no seu caso. É dicir, acordos sobre normas de procedemento a futuro, pero non axuizamento de actuacións pasadas.

Por iso, a propia denominación da Comisión, tal como se contén na proposta, comisión informativa especial sobre os cartos das entradas cobradas por actuacións no auditorio municipal que non foron ingresados nas cantas do Concello, non parece correcta, xa que dela se desprende que o que se pretende en realidade é axuizar feitos ou depurar responsabilidades, cando nin o ditame da Comisión nin, moito menos o acordo plenario que no seu caso se adopte en función de tal ditame, poden ter tal contido, que non é competencia do Pleno nin, por tanto, tampouco pode selo da Comisión.

O axuizamento de feitos acontecidos no pasado e, no seu caso, a depuración de responsabilidades é competencia exclusiva dos tribunais de xustiza. O Pleno da Corporación carece de competencias para pronunciarse sobre ditos feitos e, pola mesma razón, a Comisión Informativa Especial que se pretende crear en realidade carece de obxecto.

Pouco máis que engadir. Dende logo o grupo municipal de goberno vai votar en contra e por suposto, si se constitúe a comisión se seguirá o que di o ROF. Repito, non ten obxecto e os límites son os que acabo de ditar.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): Vostede se fala de xuízo, está claro que non ten e non vai aportar nada a esa comisión polo que non teñen onde ampararse, nin xustificarse. Igual como fixemos nós no pasado, non fixemos como vostede fixo cando era membro da oposición ao goberno de aquel entón. Nos seguimos cauces políticos porque nos lle estamos pedindo

explicacións ao goberno municipal nun órgano público como é o Pleno. Non vimos aquí a armarlle algarabías, nin a insultalo, se vostede estivera nesta bancada Alcalde, porque o de señor xa sabe vostede que llo retirei, non é un señor dende fai moito tempo con este Pleno e con estes concelleiros.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Céntrate na cuestión, que o goberno ten máis cousas que facer. Facer xuízo de valor, non forma parte do turno de replica, ciñete ao tema. As túas opinións son respetables, pero xa o dixeches en varias ocasións, o da falta de respecto, en fin, o de señor, como me trates é indiferente pero remata porque o tema está claro.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): Estaba argumentando Alcalde, que se vostede estivera neste lado cando os presentes escoitamos o que vostede acaba de ler, preparou ou mandou preparar, como se os demais non souberamos o que é unha Comisión informativa, como si vostede pretendera dar leccións de non sei que tema, nos escoitamos atónitos, pero se vostede estivera aquí, estaría batendo enriba da mesa como fai moitas veces, como fixo no pasado, estaría aquí pretendendo amedentrar e intimidar ao goberno. Sen embargo nos estamos aquí, falando tranquilamente e fiscalizando ao goberno onde non pode demostrar onde foron parar os cartos dos veciños que mercaron unhas entradas, e nos aquí propondo unha ferramenta política como é a Comisión, pero xa vostede dixo ben claro de que non vai haber ningunha resolución.

Haberá un ditame desa comisión informativa o ten que facer a Secretaria municipal para traer a Pleno. Si, ten que haber un ditame da Secretaria para que traia ao Pleno e se vote.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): A secretaria levantará acta, quen faga o ditame será a propia comisión.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): A acta onde quede redactado o ditame acordado. Que da fe do que alí se acorde.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Pero serán os membros da comisión, se existe.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): ¿Me deixa rematar? Non lía que todo o mundo sabe o que quero dicir, o que está pretendo e botar tinta de calamar para embarrar.

O que quero dicir é que, a Secretaria dará fe do acordo que tome a comisión, e haberá que traer a Pleno. Nos insistimos, iremos ata o final coa cuestión, non teña dúbida. Non temos presa, non temos a intención de esquecer os asuntos. Que non se diga e non se interprete que non somos sensatos co procedemento.

Teñen a oportunidade de responder con claridade onde foron parar os cartos dos veciños. Nada máis.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): ¿Algunhas palabras máis?

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): O que acaba de facer o Alcalde é o que di de min, acaba de caracolear como me dixo o venres pasado antes de rematar o Pleno. É unha palabra que non me gusta utilizar pero que o Alcalde si utiliza amiudo cando non lle gusta.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Ciñete ao tema, estamos nun Pleno non nunha tertulia.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Teño que falar en cada Pleno que vostede me falta ao respecto.

Sigo, voulle pisar as súas palabras para que se me poida escoitar, senón non hai maneira. Sobre o que di que o noso é gobernar e a oposición facer o que queira, non. Vólvolle a repetir. O deber da oposición é fiscalizar a acción de goberno e é o que se está pretendendo. Nos temos o deber de fiscalizar.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Pero non a de axuizar.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Eu non utilicei esa palabra, nos teremos que recadar toda a información.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Vós xa emitistes sentenza.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Se lee a acta do Pleno, eu dixen que o mellor sería facer unha ordenanza dese procedemento e iso xa o dixen, xa está reflectida na acta de xuño de este ano. Aproveitemos esa comisión para que o equipo de goberno se poida defender se di que ten razón e entregue toda a documentación que sexa oportuna e necesaria. Eu xa dixen no Pleno de xuño, na páxina 13 da acta, que non se trata de axuizar porque o Pleno non vale para iso, pero si de fiscalizar, é a nosa labor. O outro día dixo que dabamos moito a lata pedindo informes e documentación, que se recolla en acta.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Estadés intentando entorpecer, o sabe todo o mundo.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Déixeme falar.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Ti o que non podes dicir é mentiras. Non te estou cortando, estou matizando e advertindo.

-Neste intre escóitanse voces dende o público-

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Por favor estamos no Pleno, dirixo eu o Pleno. Un pouco de respecto os asistentes.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Vostede dirixe, manda e ordena, iso é o que mellor se lle da. Entre dirixir un Pleno e isto que estamos mirando, hai un camiño polo medio que hai que andar que é moi ancho.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Verónica que estibeches no goberno, ¿que me estás dicindo?

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): O PSOE estivo no goberno e estivo sentado aquí, pero eu non fun Concelleira. Parece que teño que andar dando explicacións a un grupo e a outro que non fun concelleira ata o 13 de xuño de 2015.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Cobraches diñeiro público porque fuches asesora do goberno.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Iso é público, aprobado en Pleno no que vostede participou.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): A que está negando es ti. Estás obviando a realidade e a evidencia.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): O que está desviando o tema agora mesmo para que non se fale é vostede.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Non, eu quero someter a votación a creación da comisión.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Eu estou no meu turno de palabra, algún momento a teño que ter sen que me pise o Alcalde.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Pero falando do tema.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): Se mira que tal dígame o que teño que falar. Nos apoiaremos todas as medidas que sirvan para fiscalizar ao goberno, porque é a nosa función e obrigaón e volvo a repetir que o Alcalde e o equipo de goberno deberían apoiala se tan claro o teñen de que fixeron as cousas ben. Non teño máis nada que dicir.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): Simplemente para matizar, aquí díxose por parte do goberno que o tema de axuizar, nós o que estamos fiscalizando ao goberno e intentando que o goberno diga onde meteron os cartos e simplemente pediremos responsabilidades políticas. Nos non facemos xuízos, para iso está a xustiza e se verá no seu momento. Nós ao que estamos é a unha fiscalización política dunha acción do goberno e o que pediríamos son responsabilidades políticas se vemos que, unha vez rematado o trámite político que temos nas nosas mans, o goberno non aclara onde se meteron os cartos.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): A proposta é entónces a que leva a moción de agosto en canto a periodicidade e composición representación proporcional ¿non?

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): Sí a periodicidade que puxemos na moción que xa presentamos en agosto e a composición pois representación proporcional como é nas outras comisións informativas.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): A proposta é:

1. Creación dunha Comisión Informativa Especial sobre os cartos das entradas cobradas por actuacións no auditorio municipal que non foron ingresados nas contas do Concello.
2. A periodicidade coa que se reunirá será de 30 días, e serán os membros de dita comisión os que determinarán o número de sesións necesarias para dictaminar sobre o tema en cuestión.
3. A composición respetará o principio de representación proporcional respecto da composición política da Corporación.

O Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS) somete a votación a proposta e o Pleno da Corporación Municipal, en votación ordinaria, aproba por SETE VOTOS A FAVOR dos/as Sres/as. Concelleiros/as Rodríguez Dávila, Núñez Troncoso, González Rodríguez, González Souto e Válcárcel Bernández do PP., de Tourón Domínguez e Ledo Souto do PSdG-PSOE, e CINCO EN CONTRA dos/as Sres/as. Concelleiros Castiñeira Alén, González Rodríguez, González González, Pérez Pérez e Besada Pérez do MS, adoptando os seguintes acordos:

1. Creación dunha Comisión Informativa Especial sobre os cartos das entradas cobradas por actuacións no auditorio municipal que non foron ingresados nas contas do Concello.
2. A periodicidade coa que se reunirá será de 30 días, e serán os membros de dita comisión os que determinarán o número de sesións necesarias para dictaminar sobre o tema en cuestión.
3. A composición respetará o principio de representación proporcional respecto da composición política da Corporación.

2.Modificación da Ordenanza Fiscal nº21 reguladora do Imposto de Bens Inmóbles (IBI).

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Este asunto ten que quedar sobre a mesa para o seguinte Pleno a espera de ter o informe de intervención.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Xa temos informes anteriores deste mesmo punto. Refírome aos informes 107/2015 e 91/2015 en concreto o 107/2015 foi cando este grupo propuxo a rebaixa do tipo, o informe, con ese é máis que suficiente. Non entendemos porque demorar o asunto e que non entre no ano 2018. Lle digo máis, para que a xente saiba. A moción que xa presentamos en agosto o que pretendía era que se establecese un tipo diferencial de 0.40 para os inmobles catalogados como AAL onde o solo catastral sexa inferior aos 11.000€, refírese como sabedes a fai dous anos se incorporaron 805 altas, todas elas son cobertizos e galiñeiros, entón consideramos que o tipo que se lle aplica que é un 0.50 rebaixalo. A parte o que propuña este grupo era a creación dun novo artigo na ordenanza reguladora, na que os suxeitos pasivos que ostenten a titularidade de familia numerosa, gozaran dunha bonificación na cota integra do inmueble de residencia habitual e no que estean empadroados e nos que o valor catastral non supere os 55.000€ e que ademais que os membros da unidade de convivencia non consten como titulares de outros inmobles en outro municipio, non superen os 11.000, aquí propomos unha bonificación do 40% para as familias numerosas de carácter xeral e do 50% para categoría especial. Isto máis que nada é un beneficio fiscal e unha medida social para os veciños de Salceda que cumpran estes requisitos.

Ao Alcalde parece que non lle interesan estas medidas tanto fiscal como social, pois non tivo a mellor idea que solicitar ao catastro a aplicación dun novo coeficiente que presumiblemente sexa do 8%. ¿Que quere dicir? Que aparte do que nos propomos a rebaixa dun 20% o resto dos recibos da urbana se lle incrementara un 8% ao resto.

Queríamos saber cal é o problema polo que o Alcalde non quere aceptar estas medidas, xa que hai informes para por esta modificación en marcha.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Xa o expliquei, o goberno o que se limita é a que os ingresos do concello sirvan para asumir os gastos e compromisos que ten o concello. O din claramente os informes de intervención municipal. Polo tanto si sacamos diñeiro dun lado, o metemos, haberá que xustificar o por qué. E que senón por esa regra de tres, se despois traemos peticións de hai que facer a través de rogos, ¿con que se fai? ¿Con discursos? Non. Faise con traballo serio e rigoroso. Creo que xa che contestei noutra ocasión, fuches concelleiro de facenda durante moitos anos, non sei por qué daquela, na época de bonanza que si se podería tomar esas modificacións e non se fixeron. Basicamente son as mesmas que tiña o PP a maiores de outras. Esta ben pedir esa bonificación pero se por outro lado pedimos que se aumentan os gastos, está ben. Estar en misa e repicando é complexo e sobre todo cando se estivo no goberno e se tiveron responsabilidades, que por certo nos levaron a quebra técnica, e bastante esforzo levamos feito este ano, sobre todo para cadrar as contas e pagar os compromisos que vostede deixaron sen pagar, iso de entrada.

Segundo, vostede sabe que para que se someta e se traía a pleno, creo que xa o acabo de dicir, xa especifiquei no Pleno a situación que temos de colapso administrativo que nos impediu traer o informe que é preceptivo para aprobar esta moción. Independentemente de que haxa uns anteriores que poidamos apelar na defensa ou non da posición política de cada un.

A proposta lóxica e legal é deixalos enriba da mesa mentres non existan eses informes. Nada máis e nada menos. O resto é opinión, por certo, bastante incoherente coa súa labor como concelleiro de facenda, máis ben esta pedindo o contrario do que vostede fixo. É lexítimo cambiar de opinión ao longo do tempo, pero depende na situación na que nos atopemos.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Vamos a ver Alcalde, lle lembro que dende o 2011 ata o 2018 o incremento do IBI é dun 37.74%. Ahí si que non participou este concelleiro que lle esta a falar. Un 37.74% de aumento ata 2018.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): ¿É a ponencia de valores? ¿Sobre que valores están taxados?

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Sobre o que estaba en vigor.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Vostede o sabe, e o señor Montoro e o seu Ministerio, xa o explicamos nos obrigou aos concellos que non fixeramos a ponencia de valores, vostede puido facela no ano 89 e non a fixo, saberán vostedes por qué. Nos obrigou que nos exercicios, 13, 14, e 15. Non foi unha decisión municipal nin en Salceda nin en 4.400 concellos de España que estaban nesa situación. Polo tanto non diga vostede o que non é certo, porque vostede o sabe. O resto é opinable.

Os servizos que ten o Concello de Salceda neste momento a como o deixaron no ano 2007 é público e notorio coñecido, recoñecido que é infinitamente superior grazas ao traballo dos salcedenses e humildemente ao traballo que levamos feito moitísimas persoas dende o ano 2007. Isto tamén é unha opinión que comparte a meirande parte da sociedade de Salceda. Haberá xente que non opine o mesmo e por suposto é respetable. Supoño que en ano e medio que son as eleccións verificaremos, si esas opinións se trasladan ou non. Non vai ser este Pleno nin vostede nin eu.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Non sei se o sabe que a lei de catastro contempla a revisión das ponencias cada 10 anos, levamos 20 e poucos dos cales 10 son seus. Vostede ten que solicitala.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Xa a solicitamos un par de veces.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Está vostede confundindo os termos. Vostede incrementou dende o ano 2011, sabeo. Non estou dicindo mentiras.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Estou falando que dese 37% boa parte de culpa a ten Montoro e o Ministerio de Facenda.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Se vostede me fala dese decreto da lei Montoro, fala o que lle interesa, ese se aplicou ata o 2015. Do 2016 a 2017 vostede pediu un incremento do valor catastral do 8%.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Unha actualización porque non temos ponencia.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Porque vostede o pediu.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Coma outros tanto Alcaldes do PP.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): É unha opción que vostede ten. Non unha obrigación. Vostede optou por pedir a revisión dos coeficientes.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Como outros Alcalde do PP da área de Vigo. E mire cal é a presión fiscal de Salceda respecto do resto, a excepción de Porriño, pregunte en Salvaterra, en Tui, Baiona, Gondomar, Tomiño, pregunte.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): O que fagan o resto dos Alcaldes sexan do signo que sexan, non me preocupa, a min preocúpanme os veciños e veciñas de Salceda. O que fagan os de Vigo, Redondela ou Pontearreas non me importa. Voulle ler a conclusión que fai un dos informes de intervención respecto de cando vostede solicitou un informe nun Pleno que tivemos en decembro de 2015. A conclusión di:

Calquera redución de ingresos, debería vir acompañada da correlativa do gasto ou do incremento dos ingresos noutros conceptos.

¿Vostede sabe ou pensou a medida que nos propomos a repercusión que pode ter no IBI? ¿Non fixo a conta non? Non a fixo e non ten interese en que se aprobe. ¿E se lle digo que é un 1,8%? Pois faga o calculo.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): A ver como fas ti ese cálculo.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): ¿Sabe canto é ese 1,8%? Sobre 18.000€ na recadación. Sabe de onde o podería quitar que o ten ben fácil. Media dedicación exclusiva e xa lle sobran cartos ou na partida de publicidade onde o ano pasado se gastaron 45.000€ e ten diñeiro de sobra. Mire vostede a transcendencia económica que ten.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): ¿Canto gastaron vostedes nos pinchos que se deron cando vostede era concelleiro de facenda? Máis de 30.000€ que valeron os pinchos que os pagou o goberno que entrou. Vostede dar clases de xestión económica, en fin. Gastou máis vostede nese día que nos en varios anos en publicidade e propaganda.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Oxalá esteamos dentro de cen anos e inaguremos outra casa do concello e gastemos o mesmo.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Incluso o concello baixo o meu mandato pagou o pufo de máis de un millón de euros deste concello. Sabémolo ben. E a empresa que lle deixou vostede o calote tamén o soubo ben.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Non vou entrar nesas temas.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Non, porque hai moito que dicir.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): En resumen Alcalde, vostede di que esta medida que nos plantexamos non procede aplicala. Aplicar este beneficio fiscal a estas familias numerosas e aos recibos dos que falei dos máis de 800 construcións que están como galpóns, trasteiros e galiñeiros. Non lle parece correcto aínda que a repercusión orzamentaria que vai ter é mínima.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Reitero, a miña obriga como Alcalde e intentar cumprir cos servizos e cos gastos e o único que mo vai permitir son os ingresos. E o di a interventora como moi ben vostede acaba de falar agora. E é competencia do goberno cumprir este obxectivo, como calquera familia, empresa, en fin a vida real.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Non hai o informe preceptivo e se vai deixar enriba da mesa.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Que conste en acta, o Alcalde a escusa que pon para non querer aplicar este beneficio fiscal é que faltan os informes de intervención, cando os hai máis que suficientes que avalan esta modificación que nos propomos.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): Hai informes que avalan non Joaquín, non podes extrapolar os informes do ano 2015 a unha medida de redución de impostos que non ten que ver co que demandades, creo recordar que foi para a redución do ICIO ou sobre a bonificación do IBI, aparte dos datos que ti deche, que o terán que dar os técnicos, terán que ver outros parámetros coma a estabilidade orzamentaria ou a regra de gasto. Que é o que nos marca a lei Montoro que temos que cumprir todos os anos. Si é certo que no informe do ano 2015 a interventora di que toda medida de redución de ingreso terá que ir acompañada dun incremento de ingresos ou redución do gasto e vos non as propodes. En todo caso, terá que informar a Interventora e do informe que falas, non é aplicable ao caso. Cada caso terá o seu informe.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Non hai vontade política, vostede acaba de dicilo, hai que reducir gastos, dinlle dous exemplos. A interventora podería estar dicindo que é posible cando se minoren os gastos ou se xeren máis ingresos. Minore gastos que lle din dous exemplos que

ten de sobra, está clarísimo, outra cousa é que vostede queira explicalo. Outra cousas é que non queiran aprobar un beneficio fiscal e social, non teñen interés. Alá vostede.

GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, José Luis (MS): Hai que cumprir as obrigas que ten o concello. Para iso facemos unha baixada de impostos pero teremos que reducir os servizos prestados.

NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Non é reducir os servizos, lle din dúas opcións e de paso deberíamos saber o nome de que concello é o primeiro no que se pagan máis as dedicacións exclusivas e parciais, respecto da súa poboación. Ao mellor se fan esta redución baixarían ao número dous ou tres. Compróbeo.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): Afortunadamente este concello é referencia para toda Galicia, non o número uno pero para algunha cousas Salceda de Caselas dende o ano 2007 para acá é unha referencia si. E moitas cousas máis.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE) Simplemente comentar que nos entendemos que non se pode votar porque non hai os informes pero tamén entendemos que a vontade é política de que haxa eses informes, xa os puidemos ter para o Pleno do 25 de agosto porque xa estaba presentada. Entendemos que de aquela nin estaba de baixa a interventora nin tiñamos unha soa interventora un día a semana co cal, independentemente que non hai informes, a vontade política é nula. Nada máis que engadir.

Non habendo máis temas que tratar, ás 13,14 horas, o Señor Alcalde levanta a sesión, da que estendo a presente acta, que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretaria do Concello, dou fe.